



camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

O Camiño Escena Norte bota o pano esta fin de semana con cinco funcións en Ames, Carballo, Vilalba, Viveiro e Santiago de Compostela

O proxecto de intercambio de artes escénicas propón catro espectáculos para público infantil, familiar e adulto con compañías procedentes de Asturias, Euskadi e Navarra

O 9 de outubro celebrarase no Gaiás un encontro entre o alumnado da ESAD de Galicia con Fantastique Company, á fin de poñer en contacto ás e aos estudantes con profesionais das artes escénicas en activo

4 de outubro de 2022.- O Camiño Escena Norte (2022) bota o pano en Galicia esta fin de semana. O proxecto de intercambio escénico, artístico e profesional entre compañías de Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra, comunidade que se incorporou ao programa cultural nesta cuarta edición, finalizará o seu percorrido por escenarios de Galicia con cunha chea de funcións. En total, CEN 2022 ofrecerá cinco funcións de teatro e danza en Ames, Carballo, Vilalba, Viveiro e Santiago de Compostela entre o venres 7 e o domingo 9 de outubro.

A primeira cita será coa compañía asturiana **Zig Zag Danza**, que ofrecerá dúas funcións do seu espectáculo '**Mímesis**', unha creación dirixida ao público infantil, especificamente á primeira infancia (0-3 anos). Zig Zag bailarás o venres 7 en no Auditorio da Casa da Cultura de Milladoiro, en **Ames**, mentres que o sábado 8 de outubro visitará o Auditorio Municipal Carmen Estévez de **Vilalba**. En ambos casos será necesario retirar previamente os convites (abilleiteira.concellodeames.gal e www.entradasvilalba.es) para acceder aos recintos.

O sábado 8 a actividade de Camiño Escena Norte espallarase ás localidades de **Viveiro** e **Carballo**. Precisamente nesta última CEN volve formar parte da programación oficial do Festival Internacional Outono de Teatro, FIOT, logo de

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

facelo na súa primeira edición (2019). A compañía navarra **La Caja Flotante** presentará **'Beautiful Stranger'**, de Iron Iraizoz, no Pazo da Cultura da localidade bergantiñá.. As entradas están dispoñibles a través do web www.fiot.gal.

Tamén na tarde do sábado CEN visitará a Mariña lucense, concretamente o Teatro Pastor Díaz de Viveiro. Alí terá lugar a representación de **'El enjambre'**, de Kepa Arrasti, da man da compañía vasca **Vaivén Producciones**. As entradas poderanse reservar a través do correo rbg.cultura@viveiro.es e recoller o mesmo día da función no despacho de billetes do recinto.

Finalmente, Camiño Escena Norte 2022 pecharase po domingo 9 en **Santiago de Compostela**, na Cidade da Cultura, coa representación para público infantil e familiar de **'El secreto de Julio Verne'**, da asturiana **Fantastique Company**. A cita será ás 18.30 horas no andar -1 do Museo Centro Gaiás e a entrada será libre e de balde ata completar a capacidade do espazo. Esa mesma tarde, celebrarase un encontro entre a compañía e o alumnado da ESAD de Galicia, como parte da programación expandida 'ESADs no Camiño'.

Camiño Escena Norte 2022

Camiño Escena Norte é unha iniciativa promovida polas asociacións profesionais de produtoras de artes escénicas **Escena Galega** (Galicia), **EscenAsturias** (Asturias), **ACEPAE** (Cantabria) e **Eskena** (País Vasco). Todas elas, unidas na supraentidade Camino Escena Norte AIE -creada especificamente para o desenvolvemento, xestión e produción deste proxecto-, impulsan unha intensa programación escénica coa intención de **pór en valor a diversidade cultural, lingüística e de formatos e linguaxes** da produción escénica galega, asturiana, cántabra e vasca.

A iniciativa conta, neste 2022, co apoio económico de gobernos e institucións das cinco comunidades autónomas implicadas:. En Galicia, ademais da **Xunta de Galicia** a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), e o Goberno de España a través do INAEM, colaboran tamén Deputación Provincial da Coruña, Deputación Provincial de Lugo e Concello de Lugo; así como os consistorios de Arzúa, Vilalba, Ames e Viveiro; o Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo (FIOT), a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e o Centro Dramático Galego.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILERAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Pola súa banda, **Vegalsa-Eroski** mantense este ano no como patrocinador oficial, cunha maior achega económica para esta cuarta edición, o que reforza o seu compromiso e aposta por un proxecto que promove o intercambio cultural entre territorios.

AXENDA CAMIÑO ESCENA NORTE | 07 - 09 DE OUTUBRO

07.10.2022 | 18:00 horas no Auditorio Casa da Cultura do Milladoiro (Ames)

08.10.2022 | 18:00 horas no Auditorio Municipal Carmen Estévez (Vilalba)

Zig Zag Danza (Asturias) | 'Mímesis', de Estrella García e Miguel Quiroga

'Mímesis' concíbese como un ritual escénico iniciático para a primeira infancia e as súas familias, que constrúe un ecosistema escénico para que sexa habitado e compartido por intérpretes e participantes. Trátase dunha coidada produción internacional de máis de tres anos, realizada entre España e Alemaña. Ao igual que as anteriores creacións de Zig Zag Danza, 'Mímesis' é unha proposta que parte da honestidade e do respecto, preservando a capacidade de desenvolvemento creativo dos públicos máis pequenos.

08.10.2022 | 20:30 horas no Teatro Pastor Díaz de Viveiro

Vaivén Producciones (Euskadi) | 'El enjambre', de Kepa Arrasti

Un grupo de amigas da infancia acode a unha casa rural para celebrar a despedida de solteira dunha delas. Pero os anos non pasan en balde e aínda que sintan un vínculo moi forte entre elas, nada é o que era; ou si... O que a priori ía ser unha fin de semana de festa tola, toleará un pouco máis se cabe: trapos sucios, cousas que nunca se dixeron, confesións, alcol, droga e un enxame. Dise que no reino animal as abellas son os seres que mellor se comunican. E, segundo parece, comunícanse bailando...

08.10.2022 | 20:45 horas no Salón de actos do Pazo da Cultura de Carballo

La Caja Flotante (Navarra) | 'Beautiful Stranger', de Ion Iraizoz

O 21 de maio de 2019, Ion Iraizoz celebrou o seu corenta aniversario facendo unha festa/performance á que nomeou 'O último martes antes de cumprir 40'. En 'Beautiful stranger', o autor interprétase a si mesmo para tratar de reconstruír a súa festa de aniversario coa complicidade do público. Peza híbrida, entre a

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

autoficción, a comedia existencial e a linguaxe cinematográfica, trata sobre como a memoria é invadida constantemente pola imaxinación e sobre as múltiples identidades que caben na vida dunha persoa.

09.10.2022 | 18:30 horas no andar -1 do Museo Centro Gaiás, Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela

Fantastique Company (Asturias) | 'El secreto de Julio Verne', de Irene Santos

Na véspera de aninovo, Valérie descobre que a casa que sempre foi o seu fogar se converterá nun museo, o que lles obriga, tanto ela como a súa familia, a ter que marchar. Triste e enfadada pola noticia, decide agocharse no seu lugar favorito da casa: o gabinete do seu avó, Julio Verne. Esa noite coñecerá alí a un curioso ourizo latríqueiro que lle desvelará o secreto do seu avó: este non foi só un escritor, senón un grande aventureiro que viviu todas as historias que conta nos seus libros.

09.10.2022 | 19.45 a 20.30 horas no Museo Centro Gaiás

Encontro do alumnado da ESAD de Galicia con Fantastique Company

Camiño Escena Norte inclúe, como novidade da súa cuarta edición, ESADs no Camiño, unha actividade enmarcada na súa programación expandida e que quere pretende poñer en contacto ao alumnado con profesionais das artes escénicas en activo. Abordarán, nun coloquio, as características, proceso de creación e natureza do espectáculo, así como as dinámicas de funcionamento dunha compañía profesional.

Materiais dos espectáculos

Descarga [o teaser](#) e as [fotografías](#) de 'Mímesis'.

Descarga [o teaser](#) e as [fotografías](#) de 'El enjambre'.

Descarga o [teaser](#) e as [fotografías](#) de 'Beautiful Stranger'

Descarga o [teaser](#) e as [fotografías](#) de 'El secreto de Julio Verne'.

Accede á [Sala de prensa Camiño Escena Norte Galicia 2022](#).

Contacto de prensa CEN Galicia

Lucía Pita | 675 404 321 | lucia.pita@theofficeco.es

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com

